

ITI (Optativa en 1º ESO)

Vouvos explicar en que consiste a materia ITI que podedes escoller en 1º ESO e que conta cunha hora semanal de clase.


ITI son as siglas de “Investigación e tratamento da información”.



Esa investigación en moitas ocasións desenvolverase na Biblioteca e para levala a cabo ímonos converter en verdadeiros detectives.




Traballaremos de forma individual, por parellas e en grupo, e ao final do proceso seremos quen de diferenciar se a información que chega a nós é certa e podemos utilizala como base para os nosos traballos, ou é falsa e debemos descartala.



Ademais imos empregar diferentes ferramentas que nos facilitarán a aprendizaxe e que farán que a nosa vida tecnolóxica e académica sexa máis doada: utilización dunha conta de correo, uso da aula virtual, escrita de documentos en liña que podemos compartir, creación dun blog...



Tamén practicaremos mecanografía mediante xogos divertidos cos que conseguiremos aprender a teclear correctamente con velocidade e precisión.



Por último ten en conta que se participas nas actividades non terás que facer exames!